

ELECCIÓN GALEGAS 2012

A QUEN ESCOLLES NAS ELECCIÓN?

O sistema político actual utiliza coma método de organización política a **democracia representativa**, a cal consiste en que o soberano (o pobo) cede a súa capacidade de gobernar (os políticos son quen toman as decisións). Así pois a cidadanía perde a capacidade de elixir sobre a súa vida que pasa a mans das persoas que resultan escollidas na votación. Polo tanto, no sistema actual, **a elección de representantes políticos supón unha perda da capacidade de decisión para o individuo e, polo tanto, de liberdade**. É un sistema interesado, posto que desta forma a clase política é quen de controlar dunha maneira máis efectiva os seus intereses, sexan estes ou non os do pobo.

COMO FUNCIONA O SISTEMA DE ELECCIÓN?

Todo este sistema está regulado pola Lei Electoral 8/1985. O obxectivo último desta lei é impedir que a cidadanía teña capacidade operativa real de autoxestión mediante a posta en funcionamento de mecanismos que dificultan e impiden a súa participación na vida política. Os mecanismos deste tipo máis representativos son:

- a **división do electorado en circunscricións** (no caso galego as provincias) que fai que un mesmo voto non teña o mesmo valor nunha ou noutra circunscrición
- o **albor electoral (porcentaxe mínima de votos que ten que acadar un partido para poder ter representación)**, que no resto do estado é do 3%, en Galicia establécese no 5%, polo cal as opcións de voto minoritarias quedan excluídas
- o **sistema D'Hondt** que no reparto de escanos favorece á opción de voto maioritaria, xera un sistema que conduce ao voto útil e ao bipartidismo.



Espazo de (Contra)discurso. Construcción e Coordinación de Alternativas e Resposta Social

<https://joindiaspora.com/people/c4e458a4fee4adf0>

<https://n-1.cc/pg/profile/ecoar>

A LEI DE D'HONDT

(Datos ficticios a modo de exemplo)

99.999 | A B C D |  | 
 VOTANTES | 4 PARTIDOS | 1 CIRCUNSCRIPCIÓN (provincia) | 5 CONSELLEIROS

1 VOTOS EMITIDOS POR AGRUPACIÓN:

A	50.000
B	30.000
C	15.000
D	4.999



ORDÉANSE AS FORMACIÓN VOTADAS DE MAIOR A MENOR, E ELIMINANSE DA OPERACIÓN AS QUE NON SUPEREN O 5% DOS VOTOS (EN GALIZA):

O NÚMERO DE VOTOS NON SUPERA O 5%, LOGO NON CONTA

2 O NÚMERO INICIAL DE VOTOS DE CADA AGRUPACIÓN "ELIXIDA", DIVÍDESE POR 1, 2, 3... ATE O NÚMERO TOTAL DE CONSELLEIROS, 5 NESTE EXEMPLO:

	:1=	:2=	:3=	:4=	:5=
A	50.000	25.000	16.666	12.500	10.000
B	30.000	15.000	10.000	7.500	6.000
C	15.000	7.500	5.000	3.750	3.000

3 A CADA UNHA DAS CIFRAS MÁIS ALTAS DA TABOA DÁSELLE UN CONSELLEIRO ATE COMPLETAR O NÚMERO DISPONIBLE:

A	50.000	50.000	25.000	16.666	12.500	1 
B	30.000	30.000	15.000	10.000	7.500	6 
C	15.000	15.000	7.500	5.000	3.750	3.000

SI DOUS COCIENTES COINCIDEN, DÁSELLE O CONSELLEIRO Á LISTA QUE ACADA MÁIS VOTOS, NESTE EXEMPLO A LISTA "C" QUÉDASE SIN REPRESENTACIÓN

EN CASO DE EMPATE A VOTOS O PRIMEIRO ESCANO DASE POR SORTEO, E OS SEGUINTE DE MANEIRA ALTERNATIVA

Máis información:
<http://www.estadisticaparatodos.es/taller/electoral/electoral.html>
 Simuladores da lei de D'Hondt:
<http://icon.cat/util/elecciones>
<http://www.maslibertad.net/ciencia/LeyDHont.html>

ELECCIÓN GALEGAS 2012

QUÉ OPCIONS TES CO SISTEMA ACTUAL?

É importante que cada individuo manteña unha **actitude activa e crítica** perante a política e que, sexa cal sexa a opción que decida tomar, fágao con información e convicción. Ante unhas eleccións e coa actual lei electoral, a cidadanía ten as seguintes opcións:

1º Abstención: consiste en non acudir ás urnas a votar. En consecuencia, non participas do proceso electoral. Hai que ter en conta que aínda que ti non escollas participar do proceso, o sistema seguirá a ter capacidade de acción sobre ti. É importante que saibas que esta pode ser unha opción máis de participación política, a renuncia a participar dun sistema co cal non se está de acordo.

2º Voto nulo: Implica participación no proceso electoral dunha forma que a lei non acepta. Estes votos non computan para o resultado final das eleccións, pero si o fan coma participación. Nesta modalidade pode explicitarse o teu desacordo co sistema electoral.

3º Voto en branco: A idea básica deste tipo de voto pode ser a de participar das eleccións para comunicar o descontento coa clase política. Porén, o sistema encárgase de boicotear esta opción mediante o sistema D'Hont e o albor electoral, pois o voto súmase ao total.

4º Voto: Supón escoller unha listaxe electoral e manifestar o apoio a ela. É fundamental que se te decides a votar, o fagas con coñecemento e actitude crítica. O voto útil, por exemplo, só beneficia ao mesmo sistema que te esta impedindo ter unha opción válida á que apoiar.

QUE OPCIONS TES MÁIS ALÓ DO SISTEMA ACTUAL?

Aínda que o sistema dificulte o desenvolvemento da súa existencia, existen mecanismos para construír un proxecto de sociedade máis aló da política tradicional. O **asociacionismo** é un método que permite poder levar adiante de xeito efectivo calquera acción no medio. Ter unha idea e desenvólvela a través das diferentes formas asociativas pode chegar a ser un xeito máis efectivo de acadar os teus obxectivos. A **iniciativa individual** pode permitirte levar ao cabo os proxectos políticos que pensas que os partidos non han sacar adiante. Así mesmo, é importante recordar que a iniciativa individual pode aplicarse tamén a acción social, non é exclusiva do emprendedor capitalista, tal e como nos fai ver o sistema actual. A formación de **plataformas** que faciliten a posta en marcha de proxectos conxuntos tamén é unha forma de participación activa na sociedade a ter en conta.

QUE PODES FACER?

Non deixes que pensen por ti.

A TÚA DECISIÓN IMPORTA



ABSTENCIÓN:

- NON SUMA
- NON CONTA
- NON PARTICIPAS

VOTO NULO:

- NON SUMA a ningunha formación política concreta
- NON CONTA no número total de votos emitidos, aínda que se considera como participación activa no xogo electoral



VOTO EN BRANCO:

- NON SUMA a ningunha formación política concreta
- CONTA no número total de votos emitidos, polo que contribúe a aumentar o albor electoral, **perjudicando ás formacións con menor cantidade de votos**



VOTO:

- SUMA a unha formación política concreta
- CONTA no número total de votos emitidos



Elixas cal elixas das catro, fáino con **sentido crítico e consciente do valor que ten a túa decisión**. Pensa que o que se considera "**VOTO ÚTIL**" contribúe a perpetuar o sistema bipartidista actual, no que se **dificulta perigosamente a renovación de ideas** nos gobernos e nas cúpulas das formacións políticas, **perjudicando á democracia**.

ECOAR 
PLATAFORMA VIGO

<https://joindiaspora.com/people/c4e458a4fee4adf0>

<https://n-1.cc/pg/profile/ecoar>